

1. Escolee a información correcta en cada caso para completar estas oracións sobre os cadernos de bitácora.

O caderno de bitácora utilízase para rexistrar as experiencias dunha...

- A. Comida familiar. C. Acampada de verán.
B. Viaxe ou excursión. D. Visita ao hospital.

Adóitase escribir nel todos os días, polo que é importante anotar...

- A. O noso nome. C. A data.
B. A equipaxe que levamos. D. A nosa rutina diaria.

Alguns cadernos de bitácora tamén inclúen...

- A. Videos de entrevistas. C. Restos de comida.
B. Fragmentos de enciclopedia. D. Ilustracións ou fotografías.

2. Relaciona estas informacións coas seccións do caderno de bitácora ás que pertencen.

Avión e autobús

DATA

Solteiro, pero frío

LUGAR

A Pampa ~~argentina~~

TEMPO

23 de abril de 2024

DISTANCIA PERCORRIDA

Flora e fauna vista

MEDIO DE TRANSPORTE

Case 11 mil quilómetros

RELATO DA VIAXE

3. Le este caderno de bitácora e contesta as preguntas.

Data: 31 de novembro

Lugar: Soutomaior

Tempo: Chuvioso

Distancia: 47 km

Relato da viaxe

Tras a longa viaxe desde a casa, que, malia non ser moi longa, si nos deixou baldados, o primeiro que fixemos ao chegar á vila foi buscar o noso hotel para botar unha ~~soncega~~ ^{soncega}. Alegrounos moito ver que se atopaba practicamente ao pé do castelo. Vaia vistas temos!

Logo de descansar, como parara de chover, decidimos achegarnos ata Arcade para mercar algunhas cousas e dar un paseo pola zona. Mañá seica irá sol, así que aproveitaremos para coñecer o castelo e visitar os seus xardíns. O pouco que vimos pareceunos xa moi fermoso!



- a. Con que medio de transporte coidas que se fixo esta viaxe?

.....

- b. Cando se escribiu este texto: mentres estaban a suceder os feitos ou unha vez remataron?

.....

- c. Rodea no texto a parte onde se describe a paisaxe e se fala das emocións que esperta na persoa que escribe.

- d. Como imaxinas que será o día seguinte? Descríbeo brevemente.

.....

.....

.....

.....

.....

.....